

BASES LEGAIS DO SORTEO "PINTA E COLOREA" - XUVENLUGO

1. ORGANIZADOR

A entidade organizadora deste sorteo é a **Fundación Feiras e Exposicións de Lugo**, con domicilio en Avda. dos Deportes, S/N, 27004 – Lugo e CIF G27161496

2. OBXECTO E MECÁNICA DO SORTEO

O obxectivo do sorteo é fomentar a creatividade dos nenos e nenas asistentes ou interesados en Xuvenlugo mediante a actividade "Pinta e Colorea".

A mecánica de participación será a seguinte:

1. O participante deberá descargar o modelo de debuxo dispoñible na web xuvenglugo.com (ou recollelo no propio recinto se fose o caso).
2. O debuxo deberá ser coloreado libremente polo menor.
3. Para que a participación sexa válida, no **espazo habilitado** para iso, deberán figurar de forma lexible os datos de contacto do pai, nai ou titor legal (nome e contacto), xa que os participantes son menores de idade.
4. O debuxo deberá depositarse na **urna habilitada**, dentro do recinto de XuvenLugo, para tal efecto no recinto do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo durante os días de apertura do evento.

3. DURACIÓN E ÁMBITO

O sorteo comezará o día 5 de decembro de 2025 e finalizará o día 23 de decembro de 2025 (data límite para depositar os debuxos, ata 10 minutos antes da celebración do sorteo).

O ámbito do sorteo é presencial, desenvolvéndose nas instalacións de Xuvenlugo.

4. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar todos os nenos e nenas que asistan ao evento e descarguen o modelo da web, sempre que contén coa autorización dos seus pais ou titores legais.

Non poderán participar os fillos de empregados directos da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo.

5. PREMIO

Sorteense os seguintes premios:

- **6 Entradas Dobres** para volver a Xuvenilugo outro día.

O premio é persoal e intransferible e non poderá ser trocado polo seu valor en metálico.

6. SELECCIÓN DOS GANADORES

Os gañadores/as serán elixidos mediante un **sorteo aleatorio** (man inocente) que se realizará extraendo 6 debuxos da urna o día **23 de decembro ás 20:00h.**

A organización porase en contacto cos pais/nais/titores a través do contacto facilitado no debuxo. Se tras **3 intentos** (ou un prazo de 24 horas) non fose posible contactar con algún dos gañadores, procederase a extraer un novo debuxo (suplente).

7. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa normativa vixente (RGPD), infórmase de que os datos persoais facilitados no debuxo (nome e contacto do pai/nai/titor) serán tratados

pola Fundación Feiras e Exposicións de Lugo coa **única finalidade de xestionar o sorteo e contactar co gañador.**

Unha vez entregado o premio, os debuxos e os datos neles contidos serán destruídos, salvo que se solicite consentimento expreso para conservalos ou expolos.

8. DEREITOS DE IMAXE

A aceptación do premio implica a autorización á Fundación para publicar os nomes dos gañadores/as e, se fose o caso, a imaxe dos debuxos premiados nas redes sociais e web de Xuvenilugo con fins promocionais, sen dereito a contraprestación económica algunha.

9. EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE (REDES SOCIAIS)

Aínda que este sorteo se difunda a través de redes sociais (Facebook, Instagram), estas plataformas non patrocinan, avalan nin administran de modo ningún esta promoción, nin están asociados a ela. O participante exonera a Facebook/Instagram de toda responsabilidade.

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A simple participación neste sorteo implica a aceptación íntegra das presentes bases. A organización resérvase o dereito de resolver calquera continxencia non prevista nestas bases.